

PEZA DO MES

decembro

2001



“RELEVO DA EPIFANÍA”

S. XOÁN DE CAMBA (CASTRO CALDELAS)
FINS DO SÉCULO X, COMEZOS SÉCULO XI
DOAZÓN D. VICENTE ALONSO SALGADO, 1897.
58 x 53,5 x 25,5 CMS.
N.º R.º: 175.

AS INFLUENCIAS QUE DURANTE A IDADE MEDIA EXERCERON OS RELATOS APÓCRIFOS, FARÁN DA ADORACIÓN DOS MAGOS O VEHÍCULO MÁIS PROPIO PARA A REPRESENTACIÓN DOS MISTERIOS DA NATIVIDADE. A IGREXA, O POBO E OS ARTISTAS CONTRIBUIRON REZANDO, EXTASIÁNDOSE, PINTANDO OU ESCULPINDO A FAVORECER A DEVOCIÓN E A REPRESENTACIÓN EPIFÁNICA.



“RELEVO DA EPIFANÍA”

No ano 876, o rei Afonso III impulsou a repoboación dos novos territorios conquistados ós musulmáns no val do Douro mediante un edicto que supuxo a privatización do solo. Esta disposición exerceu unha importante atracción sobre os cristiáns que vivían en territorio musulmán (mozárabes), que procuraban fuxir das tensións xeradas polo emir Mohamed I. Abades e comunidades monásticas mozárabes trasladáronse ó norte, fundando igrexas e mosteiros.

Diversas fontes documentais dan fe da existencia dun antigo mosteiro en S. Xoan de Camba, pobo das terras de Castro Caldelas, fundado polo bispo Diego a mediados do século X.

Do antigo edificio non quedan restos, agás os que alberga o Museo dende maio de 1897, grazas á doazón do bispo de Astorga D. Vicente Alonso Salgado, e que son unha ventá xemorada e dous relevos figurados que ata o seu traslado achábanse empotrados nun muro da casa rectoral.

Nun destes relevos, labrados en sillares graníticos, aparece a escena da “Adoración dos Magos”. Mediante unha composición en ringleira, aparecen as figuras da Virxe co neno e os tres magos. Sentada nun trono que realza a súa dignidade, a Virxe recibe xunto a seu fillo os diferentes agasallos dos magos, o segundo dos cales destaca pola súa actitude xenuflexa. Un marco liso rodea a escena que está tallada en reserva. Precisos perfís redondeados marcan de maneira ruda os seus trazos fisionómicos, visten túnicas que non lles chegan ós pés e nas que se insinúan unhas lixeiras dobraxes.

Esta representación é tamén coñecida como “Epifanía”, termo que etimoloxicamente se corresponde ca “manifestación” do fillo de Deus, e teoloxicamente aplícase tamén o “bautismo” de Xesús e a súa transfiguración. En iconografía designa en particular a “Adoración dos Magos”, tema básico no ciclo da súa infancia e considerado como un dos máis antigos e difundidos na iconografía cristiá de tódalas épocas.

Xa aparece como temática en pinturas catacumbais e en relevos de sarcófagos paleocristiáns, figurando como elementos invariables a Virxe co neno sobre os xeonllos e os reis portando os dons. En Galicia temos o exemplo do “sarcófago de Temes”, un dos máis antigos testemu-

ños artísticos do cristianismo galego onde se da esta representación. A mesma escena séguese representando nas primeiras etapas da época medieval, sendo o románico un dos momentos máis importantes; constitúen claros exemplos o tímpano dereito do pórtico compostelán de Praterías ou un dos capiteis da Clastra Nova na catedral ourensá. Será a partir do gótico cando se reafirme a súa temática, faise máis permanente a figura de San Xosé, non sempre presente nas etapas precedentes, tamén unha maior vehemencia no xesto de adoración por parte dos Magos. A catedral ourensá ofrece no seu retablo Maior e tamén no sepulcro do bispo Vasco Pérez Mariño, exemplos deste período. A partir do Renacemento quedarán fixadas as tipoloxías,



DETALLE DA ADORACIÓN DOS REIS NUN DOS CAPITEIS DA CLAUSTRA NOVA.

tamén perdurarán moitas fórmulas aceptadas sen reservas das fontes apócrifas.

Buscar nas orixes desta interesante tradición lévanos as noticias que sobre a mesma temos no evanxeo de S. Mateo, quen relata a chegada dos Magos guiados por unha estrela que os leva dende Oriente ata Belén, para adorar ó “Mesías”. Os escritos apócrifos e outras tradicións literarias profundizan para reconstruír iconograficamente a lenda destes personaxes e así permitir que os artistas se enfrenten a súa representación cunha determinada imaxe de conxunto.

En primeiro lugar o seu número. Será a partir do século VI cando se concretiza en tres as figuras dos Magos, as veces por razóns de

perspectiva, simetría ou mero capricho do autor aparecen menos ou máis figuras, chegando a confundirse cos paxes; a tradición armenia falaba de 12, número simbólico relacionado cas tribos de Israel.

S. Mateo non fala dun número en concreto, pero si de tres ofrendas -ouro, incenso e mirra- que lóxicamente fan pensar en tres oferentes, tamén contan outros factores simbólicos como ser o 3 o número teolóxico da Trindade.

En canto o seu apelativo como “Reis Magos”, nin S. Mateo nin os apócrifos falan da súa condición real o que fai pensar que esta adición referencial sexa posterior para dignificar o papel de “Magos”. A palabra mago parece provir do vocábulo persa *mogu* que significa astrólogo,

Gaspar, xove imberbe de pel acendida, honrou a Xesús presentándolle o incenso, ofrenda que manifestaba a súa divinidad. O terceiro, chamado Baltasar, de pel escura (“fuscus”) e con toda a súa barba, testemuñou ca ofrenda da mirra, que o fillo do home tiña que morrer”.

Non existen representacións anteriores ó século XV nas que o rei Gaspar se identifique como un home de raza negra. Os reis representarían os tres continentes entóns coñecidos, Europa (Melchor), Asia (Gaspar) e Africa (Baltasar). No *Catalogus Sanctorum*, atribúeselles as idades de 60, 40 e 20 anos respectivamente.

Outra cuestión digna de mencionar é a cordinada crono-temporal dos feitos. Lendas damascenas e os evanxeos sitúan este aconte-



ESCENA DA EPIFANÍA NO ALTAR MAIOR DA CATEDRAL.



ESCENA DA EPIFANÍA NO SEPULCRO DO BISPO VASCO PÉREZ MARIÑO.

designaba a aqueles que por medio do estudo dos astros intentaban explica-los acontecementos da vida, polo que a interpretación máis acertada é que fosen astrólogos babilonios ou sacerdotes persas.

Emile Mâle fálanos dunha crónica grega do s.VI na que se recollen os nomes de *Bithisarea*, *Milichior* e *Gasthapa*, posteriormente no século IX, aparecen consolidados cos nomes actuais no *Liber Pontificalis* de Rávena. Tamén gracias a Beda, monxe beneditino do s. VIII, temos unha breve descripción dos mesmos: “ *O primeiro dos magos foi Melchor, un ancián de longos cabelos e cumpridas barbas...quen ofreceu o ouro, símbolo da realenza divina. O segundo, chamado*

cemento os poucos días do nacemento. Dos apócrifos, soamente o pseudo Mateo recoñece un lapsus maior de tempo que chegaría ata os dous anos de idade, despois da circuncisión e presentación do templo, que justificaría o relato da matanza de inocentes por Herodes e a representación do neno xa crecido no colo da nai nun lugar diferente o pesebre.



HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións creceron considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Aberto de martes a domingo de 9:30h a 14:30h e 16:00h a 21:30h.
Os domingos só de 9:30 h. a 14:30 h.

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Milagros Conde Sánchez. FOTOGRAFIA: Fernando del Río.
MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L. DEPÓSITO LEGAL: VG-1152-2001



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE

